

Galicia e Portugal: retallos da nosa historia común

Galicia and Portugal: snippets of our common history

Álvaro Xosé LÓPEZ MIRA

Universidade de Vigo
Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía

almira@uvigo.es

RESUMO

Resulta chocante a ausencia de tratamento sistemático entre historiadores profesionais dos camiños comúns –políticos, sociais, económicos...– percorridos por Galicia e Portugal ao longo dos séculos. Parece que, malia que algunha moderna historiografía tenta fuxir de ríxidos corsés interpretativos previos, aínda prevalece o prexuízo respectuoso verbo de cadansúas historias de construción nacional diferenciada, como se os mitos nos que, frecuentemente, se basearon estas, fosen máis consistentes para o paradigma científico cá certeza que proporcionan os propios feitos históricos.

PALABRAS CHAVE: Gallaecia, esgazamento, Portugal, Galicia, historia, nación, construción nacional.

LÓPEZ MIRA, Á. X. (2012): “Galicia e Portugal: retallos da nosa historia común”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 159-165

RESUMEN

Resulta chocante la ausencia de tratamiento sistemático entre historiadores profesionales de los senderos comunes –políticos, sociales, económicos...– recorridos por Galicia y Portugal a lo largo de los siglos. Parece que a pesar de que alguna moderna historiografía intenta liberarse de rígidos corsés interpretativos previos, todavía prevalece el perjuicio respetuoso acerca de las respectivas historias de construcción nacional diferenciada, como si los mitos en los que, frecuentemente, se basaron éstas, fuesen más consistentes para el paradigma científico que la certidumbre que proporcionan los propios hechos históricos.

PALABRAS CLAVE: Gallaecia, división, Portugal, Galicia, historia, nación, construcción nacional.

LÓPEZ MIRA, Á. X. (2012): “Galicia y Portugal: retazos de nuestra historia común”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 159-165

ABSTRACT

It's really surprising for us the lack of systematic treatment among professional historians about the beaten path –politicals, socials, economics...– tours of Galicia and Portugal across the centuries. It seems that although some modern historiography tries to free stiff corsets previous interpretations, respectful prejudice still prevails regarding the respective histories of nation-building differentiated, like the myths that often they were based, were more consistent for the scientific paradigm than the certainty provided by the historical facts themselves.

KEY WORDS: Gallaecia, partition, Portugal, Galicia, history, nation, nation-building.

LÓPEZ MIRA, Á. X. (2012): “Galicia and Portugal: snippets of our common history”, *Madrygal (Madr.)*, 15: 159-165

SUMARIO: 1. Limiar. 2. As distintas etapas da unidade político-administrativa. 3. A ruptura e as diferentes fortunas da rachada nación histórica. 4. Conclusión. 5. Referencias bibliográficas

1. LIMIAR

Cando a un especialista noutras disciplinas se lle pide, como agora, que escriba de historia, expónse a un risco notorio que deixa aberta a porta a críticas máis ca fundadas; de aí tamén que nos apoiemos en numerosos ombreiros de historiadores profesionais. Porén, decidimos asumir o reto que nos formulou no seu día unha asociación cultural galega en Catalunya como exercicio de reflexión persoal para partillar co lector quen, como verá, se decide avanzar neste texto, comprobará que unicamente ousaremos plasmar nel unha serie de intuicións, iso si, non poucas veces meditadas e sempre dándose a man cos feitos históricos. E a primeira delas queremos ofrecela xa desde o principio. Abonda con abstraernos da inmediatez do presente para comprobar o dato de que a historia única, xa non común, do que hoxe son as entidades politicamente diferenciadas de Galicia e Portugal resulta máis duradeira no tempo histórico que a do esgazamento. É iso sen remontármolos a antecedentes máis remotos cós da *Gallaecia* romana que amosan como esta división administrativa tiña substratos moi anteriores como, por citar un único exemplo, os tempos da cultura castrexa, con límites polo sur no río Douro e unha zona de transición que vai do Vouga ao Mondego¹. Vázquez Varela (1980: 9) atribúelle a este territorio “una unidad cultural innegable, pese a diferentes matizaciones locales desde la llegada del hombre al Noroeste peninsular”². Aínda que estes milleiros de anos empequenecen calquera perspectiva temporal de curto alcance, imos centrarnos propiamente na historia.

2. AS DISTINTAS ETAPAS DA UNIDADE POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

O pragmatismo romano non puido deixar de observar a unidade cultural da que falamos e, con-

secuentemente, implementou sobre esa base preexistente a súa eficaz administración, reforzando aínda máis esa entidade ata daquela innominada na súa totalidade³. Esta, aínda que apreciable en deslindes anteriores, móstrase claramente a partir da división dos anos 216-217 e, sobre todo, a partir do 238 xa coa denominación de *Gallaecia*, repartida en tres conventos xurídicos⁴, aínda que estes son anteriores (lucense, bracarense e astur), e con límites meridionais no río Douro.

Sobre esta base territorial e humana romanizada asentaron os posteriores conquistadores suevos os seus piares. Segundo Barbosa Álvares (2008: 40), seguindo a Hidacio, o pacto ou *foedus* asinou co emperador Honorio entre o 410 e o 411, ficando os suevos coa *Gallaecia* occidental dos tres conventos e establecendo a súa capitalidade en Braga. “A progressiva perda de poder de Roma posibilita que a *Gallaecia* dos Suevos vaia pouco a pouco pasando a ser un Regnum antes de 415. O primeiro reino independente da Europa emancipado do Império Romano”. Idéntica é a opinión de López Carreira (1996: 10, 32), para quen en Galicia,

antes que en ningunha outra parte de Europa occidental, se ergueu no século V un Estado medieval, síntese *moderna* entre o obsoleto Imperio Romano e as primitivas formas tribais xermánicas [...]. Se consolida como realidade política (un embrión de Estado) o espacio administrativo da *Gallaecia* [...]. Calibremos, en fin, a transcendencia da época: durante uns cento setenta e cinco anos Galicia (a *Gallaecia* enteira) mantivo unha superestructura estatal propia, e minusvaloraríamos en exceso esta realidade se pensásemos que non houbo de ter consecuencias sensibles na conformación dunha personalidade nacional⁵.

¹ Vid. Alberro (2004: 23-24 e 67-68) e Balboa Salgado (2007: 11 e 25).

² En idéntico sentido, Rodríguez Casal (1990: 71) sinala como “habida conta da identidade tanto na arquitectura como na cultura material, sen dúbida algunha Galicia, unha parte de Asturias e o Norte de Portugal ata o Douro forman unha unidade cultural homoxénea no decurso na Prehistoria: o Noroeste Hispánico”.

³ Adoptan os romanos o xentilicio dun dos pobos, os *kallaikoi* (*calaecos*), talvez proveniente de *kelttoi* (celta). Segundo Barbosa Álvares (2008: 20-21), seguindo a Martín Esteves, xa existían tres confederacións de tribos celtas ou *Oinakoi*, coincidentes cos posteriores tres conventos galaicos.

⁴ Romero Masiá-Pose Mesura (1988: 43 e 64). Hoxe en día téndese a admitir maioritariamente que un cuarto convento cara ao leste, o cluniacense, formaba tamén parte da *Gallaecia*.

⁵ Sinala este autor o dato de que o sistema monetario suevo foi o primeiro en emanciparse do romano; e tamén a aparición dunha auténtica Igrexa nacional cohesionadora da unidade política coa conversión do rei Teodomiro ao catolicismo fronte aos veciños arrianos, polo que zonas limítrofes da Meseta con Galicia se acolleron á xurisdicción sueva, e por iso o mosteiro de Dumio foi arrasado na conquista visigoda da *Gallaecia*. De feito, esta igrexa permanecerá independente da sé toledana aínda ata o 666, oitenta anos despois da derrota sueva.

Noutras palabras, trataríase dunha especie de protoestado⁶ actuante no ámbito internacional (con alianzas exteriores con bizantinos e francos fronte aos visigodos) e modelo organizativo para os futuros reinos ibéricos. No ámbito interno, entre os anos 572 e 592 segundo Pierre David (López Mira 2000: 92), estableceuse a organización parroquial de Galicia (*Parrochiale Suevum* ou *Divisio Theodomiri*), de orixes castrexas, e que, sorprendentemente, se mantivo practicamente invariada ata os nosos días, ao igual que a superior estruturación comarcal en arciprestados⁷ e as trece dioceses do territorio. As fronteiras deste Reino manteñen a estabilidade da época romana, aínda que houbo momentos de expansión cara ao leste e cara ao sur: por exemplo a partir do ano 559, cando o reino suevo-galaico recupera ou integra zonas como Astorga, O Bierzo, Coimbra, Lamego e Idanha, que “van a gravitar hasta bien entrada la Edad Media alrededor de la Galicia original” (Baliñas Pérez 1991: 194), malia a conquista do reino suevo polos visigodos no ano 585. Porén, o Reino visigodo seguiu mantendo a unidade diferenciada de Galicia⁸, e mesmo o rei Recaredo converteuse ao catolicismo, aínda que preto do ano 666 se lle segregou o territorio situado ao sur do Douro (López Carreiras 1998: 16), volvendo aos límites, tremendamente estables catrocentos anos despois, da época romana.

Desde o punto de vista territorial, a Galicia do 700 e das centurias seguintes non se identificaba aínda coa Galicia actual, senón que seguía sendo herdeira da *Gallaecia* creada coa reorganización administrativa tardorromana de Diocleciano e da *Gallaecia* que ocuparon os suevos e que, unha vez incorporada ó estado visigodo, seguiu gozando dunha certa autonomía. É a *provincia Gallaeciae*, á que se refiren a *Crónica Albeldense* e as dúas versións da de Alfonso III [...]. Perviven os termos e tamén pervive o concepto que designan. A idea territorial de *Gallaecia* sobrevive ós efectos da presenza nel dos musulmáns [...]. Na segunda metade do século XI, o reino que recibe don García é aínda a vella *Gallaecia* de tradición romana, ampliada coas conquistas feitas ós musulmáns e coas que se pensan facer no futuro. Non desapareceu totalmente a antiga noción terri-

torial, cando, no 1090, recibe Raimundo de Borgoña, de mans de Alfonso VI, o condado de Galicia. Cinco anos despois, sen embargo, esgazará del o condado de Portugal, que, en mans de Henrique e Tareixa, iniciará o camiño cara á independencia [...]. Pero, por riba da distinción, mantívose [durante o período altomedieval] a noción da vella unidade e a realidade dunhas relacións intensas entre o norte e o sur, que respondían ós cadros territoriais e ás características do exercicio do poder político de tradición antiga. (Portela 1991: 81-82)⁹

Así pois, non resulta raro que o espazo perfectamente delimitado da *Gallaecia* fose coñecido na Idade Media como *Urbe Gallaecia* (Peña Graña 1995: 41).

O reinado de Afonso VI (1072-1109) marcará un punto de inflexión na disgregación de Galicia, xa que, desde 1092,

reservouse el directamente o goberno de León e Castela, en tanto que a actual Galicia entregoulla, como condado, á súa filla Urraca, casada con Reimundo de Borgoña, e o territorio ao sur do Miño, como condado de Portugal, á outra filla, Tereixa, casada con Enrique de Borgoña. (López Carreira 1996: 35-37)

Estes elementos darían lugar ás loitas políticas que levarían á ruptura da *Gallaecia* coa independencia de *Portucale* –o *porto dos galegos* segundo a etimoloxía– poucos anos despois.

3. A RUPTURA E AS DIFERENTES FORTUNAS DA RACHADA NACIÓN HISTÓRICA

A nobreza dirixente do condado portugalense comeza a observar a posibilidade de rexer os seus propios destinos rachando a unidade do Reino de Galicia polos intereses contrapostos do norte e do sur do mesmo, desde as pretensións do Conde de Traba ata os privilexios que outorga o bispo Xelmírez (titulouse arcebispo en 1120) a Compostela en detrimento da histórica capital de Braga. O fillo de Tereixa e Henrique de Borgoña,

⁶ Gregorio de Tours narra a morte do rei suevo Miro na volta dunha expedición guerreira contra Leovixildo en Sevilla, dicindo como finou dunha infección “por causa das augas de España” (cfr. López Carreira 1996: 89). Esta denominación de *España* seguiríase usando polos cronistas trala conquista musulmá para designar o territorio peninsular que estaba baixo o seu poder; o resto era Galicia.

⁷ Vid. López Mira (2000: 92-93).

⁸ Os reis toledanos intitúlanse de España, da Galia (narbonense) e de Galicia.

⁹ Tanto desta etapa como das anteriores dispoñemos de moito máis aparato bibliográfico que, nesta ocasión, preferimos acoutar por alixeirar a lectura. Pódese cotexar en López Mira (1998).

Afonso Henriques, asume o protagonismo do feito esgazador co seu trunfo na batalla de San Mamede (1128), autoproclamándose Rei de Portugal (1139) e vencendo na batalla de Ourique (1143) ás tropas do seu curmán Afonso VII (Reimúndez), fillo de Urraca e Reimundo de Borgoña. De todas as maneiras, a situación de vasalaxe do primeiro perduraría ata que o Papa o recoñeceu como Afonso I de Portugal en 1179. A confrontación entre os dous curmáns continuaría sobre territorios en discusión, como a Limia e Toroño (entre o Miño e Vigo e mesmo ata Pontevedra), ata a Paz de Tui, aínda que seguirían as disputas con posterioridade. Porén, o Tratado de Sahagún, celebrado entre os reis de León e Castela en 1153, convenceu a Afonso Henriques da vital importancia que para o proxecto de Portugal, unha vez fixada a fronteira no Miño, tiña a expansión cara aos territorios do sur en mans, aínda, dos musulmáns (Vera-Cruz Pinto 2006: 27).

Durante algún tempo non se puido desbotar por completo a posibilidade de reunificación do vello Reino galego roto por meros asuntos dinásticos. De feito, houbo diversas opcións de reintegración, por exemplo co infante Xoán, fillo de Afonso X O Sabio, coroado Rei de Galicia e León no ano 1296 e apoiado polo seu sobriño o Rei Don Dinís de Portugal nas súas confrontacións cos reis de Castela Sancho IV e Fernando IV (Barbosa Alvares 2008: 90). Ben máis adiante, en 1369, morto o rei Pedro I, Fernando I de Portugal, apoiado por numerosos concellos e destacados membros da nobreza e alegando remotos intereses dinásticos, penetrou en Galicia percorréndoa sen obstáculos de norte a sur, abríndolle as portas as poboacións para recibilo como rei:

Con esta iniciativa Galicia e Portugal volvíanse xuntar baixo unha mesma coroa, e así o fixo constar o novo rei, acuñando moeda en Tui e na Coruña coas armas de ambos reinos. A súa intención declarada era perpetuar tal unión, segundo se ve nas medidas que adoptou: restaurou as murallas de Tui, Baiona e outros lugares (pois efectivamente tiña intención de *“possuir longamente”* o Reino); liberalizou o tráfico comercial entre Portugal e Galicia; organizou o abastecemento de cereal e viño por vía marítima desde Lisboa, etc. (López Carreira 1996: 52)

Pouco durou esta experiencia diante da intervención de Enrique de Trastámara, aínda que Tui permaneceu baixo xurisdición do portugués ata 1372 e A Coruña ata 1373 (López Carreira 1996: 52). Tamén a finais do século XIV finaliza a presidencia metropolitana da Sé de Braga sobre as dioceses da actual Galicia, por decisión do antipapa Benedicto XIII (o papa Luna). Ata o Cisma de Occidente, “desde o punto de vista eclesiástico, os reis de Portugal dependían de Compostela, e os arcebispos de Santiago interviñan nos asuntos do reino, mesmo como conciliadores nas disputas entre membros da familia real” (Nogueira 2001: 280). O aliñamento de Castela co papa de Aviñón, arrastrando a Galicia, e o de Portugal con Roma, provocou que Lisboa pasase a ser metrópole e que Compostela perdesse os bispados da Guarda, Évora e Lamego. Segundo Camilo Nogueira (2001: 280), esta foi a “segunda separación galaica, tamén de grande transcendencia política”.

Malia as frecuentes confrontacións e treguas entre casteláns e portugueses que inzan os anos finais do XIV e de principios do XV (por exemplo, Tui sería conquerida por João I de Avis en 1396), cumpriría salientar como se mantivo un intenso tráfico comercial entre Portugal e Galicia, ata o punto que serían os intereses comerciais lusos un dos elementos decisivos para a consolidación da paz no importante Tratado de Medina del Campo-Almeirim (1431)¹⁰.

Aínda cabería citar feitos posteriores menos relevantes que, dalgún xeito, poderían beneficiar os intentos reunificadores, pero xa non como elemento principal. Así poderíamos referirmonos ao apoio da nobreza galega á causa de Xoana, neta de rei portugués e sobriña do rei de Portugal Afonso V, fronte a Isabel; no entanto, os destinos separados parecían xa marcados coa aventura expansionista portuguesa sobrepasando os meros conflitos peninsulares, e coa conclusiva perda da entidade política de Galicia subordinada aos intereses de Castela, definitivamente sometida pola ilexítima raíña Isabel, cara ao remate do século XV.

Con todo, os anos de unidade transcenden alén da súa propia existencia política. Por exemplo, nos tempos do Antigo Réxime, “la convivencia entre las poblaciones de esta región [galegos e miñotos] tenía raíces profundas que la definición de los límites nacionales no consiguió eliminar”

¹⁰ Así o afirman Novoa Portela e Ferreira Fernandes (2006: 79).

(Onega 1981: 477). Probablemente non sexa unha mera casualidade que, durante a guerra da segunda independencia portuguesa comezada en 1640, as tropas dese país ocuparan durante vinte anos Salvaterra do Miño ou que o Capitán Xeral do Reino de Galicia cambiase sete veces durante unha contenda sumamente impopular que incluso carreou incidentes violentos contra as levas de mozos galegos e distintas reclamacións da Xunta do Reino ao poder real, solicitando a redución de tropas procedentes dos seus pobos. Mesmo durante a contenda, pero con maior intensidade en tempos de paz, o comercio lícito e ilícito con peticións de tránsito libre e desfiscalización fronteiriza, as relacións sociais e interpersoais (matrimonios, feiras...) entre ambas as dúas zonas –tanto na raia húmida como na seca– eran polo xeral estables e fluídas, a diferenza da fronteira leste portuguesa, que era terra de ninguén e estaba inzada de fortalezas para o desenvolvemento das accións bélicas.

Que a vida cotiá destes pobos fronteirizos galegos e portugueses, onde máis signos se conservan da vella identidade *oficial* común, quedaba moi afastada do albiscamento dos seus Reis, amósao o feito da “identificación, a veces sorprendente, del país portugués y el gallego, que hacen las autoridades de Castilla” (Onega 1981: 477), ou talvez se trate de mera confusión lingüística e topográfica. Así, Tirso de Molina, que coñecía relativamente ben a xeografía da zona fronteiriza entre Galicia e Portugal e tamén algúns costumes e o idioma da terra, escribe en *Mari-Hernández La Gallega* (ca. 1610-11), en advertencia que lle fai Caldeira a D. Álvaro ante o temor de que os montañeses galegos descubran que son portugueses, o seguinte:

No dice mal el portugués lenguaje,
pues se distingue poco
de la lengua gallega¹¹.

Nunha carta clarividente e aclaratoria de D. Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, embaixador de Felipe III na Corte de Inglaterra, a Andrés de Prada, secretario do Rei, fai a seguinte análise:

Gallegos son toda la nobleza y conquistadores de Portugal, y los que no descenden de gallegos descenden de moros, porque en aquellas comarcas

no había otras gentes, ni el conde don Enrique, ni el Rei don Alfonso el I, su hijo, las llevaron de otras partes, más que de la parte de entre Duero y Miño, que era Galicia. (Paz Andrade 1978: 18)

A orixe do devandito fenómeno encóntrase, quizais, no común desprezo dos casteláns cara aos galegos e portugueses desde a doma e castración de Galicia e o arredamento portugués, feito que é considerado moi probable por Xesús Caramés (1993: 50). En parecida liña, resulta curioso observar o feito de que os portugueses “llamaban *gallegos*, insultantemente, a los habitantes situados al Norte del Duero” (Pensado 1985: 57), co que o común abafado das elites gobernantes de ambos os dous Estados coincide coas fronteiras da antiga *Gallaecia*, que proseguía conservando unha herdanza lingüística común no século XVIII. Mesmo un autor francés anónimo sinala (cara a 1765) como o carácter dos galegos “es casi el mismo que el de los portugueses de las provincias del Norte, con los cuales se entienden mejor que con los españoles” (Pensado 1985: 57).

Ademais, aínda que a liña divisoria seguía moi sensiblemente os límites internacionais actuais, permanecía un estado de confusión nalgúns lugares da mesma raia, como os eufemisticamente chamados “pobos promiscuos” ou a existencia do *privilexiado* territorio do Couto Mixto que non se resolvería ata o Tratado de Límites de 1864. Iso propiciaba que o contrabando fose unha das actividades económicas máis importantes da zona, aínda que tamén o comercio legal ocupaba un lugar sobranceiro na economía de ambas as dúas beiras; por outra parte, Meijide Pardo calcula que, cara a fins do século XVIII, había uns 80 000 galegos establecidos en Portugal (López Mira 1998: 105). Pero o case perenne enfrontamento do Estado español cos ingleses, tradicionais aliados de Portugal (o que ao tempo sería máis razoable loxística e comercialmente para Galicia, mais as dependencias dos Borbóns miraban cara á “súa” Francia), repercutía especialmente xusto no lugar no que a guerra tiña menos lóxica e causaba maior prexuízo, pois era o flanco máis débil e fácil de atacar para as naves británicas.

Aínda cumpriría mencionar que, entre os múltiples sucesos acontecidos na guerra peninsular contra as tropas napoleónicas, denominada na interesada historiografía española posterior “guerra da independencia” (cando, en realidade, o

¹¹ Tirso de Molina (1989: 74).

exército francés entrou na península por mor dunha alianza franco-española para repartirse Portugal), merece a nosa atención a creación dunha Xunta Suprema de Defensa do Reino de Galicia, que foi un goberno independente *de facto*, mesmo establecendo alianzas co Reino Unido e que, nalgún momento, se pensou na posibilidade de restaurar a unión con Portugal, dado que, en opinión de José Antonio Durán¹², a estreita colaboración entre Galicia e o Norte de Portugal posibilitara a primeira derrota dos exércitos napoleónicos. Así o narra Castela, seguindo a Murguía:

N-un importante libro, escrito por Lord Carnarvon, en 1827, recóllese o feito de que os constitucionalistas galegos pedían a Deus que Galicia entrase canto antes en Portugal. “Os galegos –di Carnarvon– estaban desexosos de trocaren unha grande e antiga monarquía por outra máis pequena e comparativamente insignificante” (Castela 1980³: 464)

Non resulta preciso salientar que en todo o imaxinario de construción nacional das teorías galeguistas, nacionalistas e incluso republicanas, estivo sempre presente esta posibilidade, articulada xuridicamente como unha Federación de Pobos Ibéricos¹³ que, de paso que integraba mellor os seus diversos compoñentes, contribuíu á restauración da vella idea de España, anterior mesmo á conquista romana, abrangendo a totalidade de península, e que quedou frustrada coa independencia portuguesa. Murguía, Vicetto, Antón Villar Ponte (quen xa pedía a reciprocidade de títulos académicos entre Portugal e Galicia hai case un século), Risco e Castela, entre moitos outros, elaboran esta doutrina con maior ou menor sofisticación, e mesmo atopan respostas positivas illadas da banda portuguesa¹⁴.

4. CONCLUSIÓN (AGARDAMOS QUE INCONCLUSA)

Pode considerarse paradoxal ou revelador que no tránsito entre os séculos XX e XXI, unha nova,

utópica e lonxana entidade institucional coñecida como Unión Europea, recupérase a vella noción de unidade dos conventos bracarense e lucense da *Gallaecia*; pero é un feito irrefutable, vertebrado a través de distintos instrumentos como a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, o Eixo Atlántico de concellos de ambos os dous lados da artificiosa fronteira ou a libre circulación de mercadorías e persoas e o euro, que viñeron legalizar e facilitar as previamente existentes transaccións comerciais. O que parecía irrecuperable estase a recuperar, polo que deixaremos ao azar da continxencia histórica a conclusión que, persoalmente, desexaríamos.

De todos os xeitos, amais das bases remotas, cómpre sinalar que case sempre desde a ruptura da unidade galega houbo unha continuidade relacional na permeable fronteira galega con Portugal (na Galicia portuguesa de Miguel Torga); esa fronteira galega do encontro da que fala Luís García Mañá¹⁵ (non así nas outras fronteiras hispano-lusas), de tipo social ou comunitario, que nunca foi tan fría e distante como as relacións entre dous Estados que viviron virados de costas (un por medo tras once intentos de invasión, e outro por desapego ao fracasar en case todos) ou, coma pouco, ignorándose, malia o cal os estereotipos *nacionais*, sobre todo os pexorativos, si que funcionaron en cadanseus imaxinarios colectivos, pese a que realidade galego-portuguesa os desmentise constantemente.

A historia oficial común apenas existe, xa que os respectivos Estados edificaron cadansúas *nation-building* sobre mitoloxías separadas e ata refractarias, e por suposto ambas sen ter en conta o papel protagónico galego nas súas orixes históricas¹⁶. Por iso a nosa historia común foi, desde a ruptura, outra non escrita: a da xente, a da intrahistoria, e teño para min que máis importante para a comunidade tanxible e real que a escrita en letras de ouro nos libros e manuais, aínda que esta é a que acaba permanecendo a través dos textos de historia *nacional* oficial. Que se imponha a verdade histórica será cuestión de algo máis de tempo, pero tamén dunha vontade, da vontade de ser galegos.

¹² “Atlántica memoria”, *La Voz de Galicia* (16.IV.1995).

¹³ Véxase máis recentemente o ensaio de Barcia Lago (2006).

¹⁴ Vid. con máis detalle López Mira (1998: 72 e ss.).

¹⁵ En López Mira (2002: 13 e ss.).

¹⁶ Afortunadamente, unha nova xeira historiográfica galega –e non só– está a desmontar, con dificultade, os mitos arraizados nas historias oficiais inventadas xa desde o século XIX. Obras como *Arredor da conformación do Reino de Galicia (711-910)*, de Xosé Antonio López Teixeira, ou *O comezo da nosa Idade Media*, de Xoán Bernárdez Vilar, entre outras xa citadas, dan boa conta disto.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALBERRO, Manuel (2004): *Os celtas da antiga Gallaecia*. Noia: Toxosoutos.
- BALBOA SALGADO, Antonio (2007): *A Galicia Celta*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1991): “El reino suevo de Galicia”, en Ramón Villares (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.
- BARBOSA ÁLVARES, José Manuel (2008): *Atlas histórico da Galicia e do seu contorno geográfico e cultural*. Barcelona: Edições da Galicia.
- BARCIA LAGO, Modesto (2006): *No silêncio profundo das raízes. A Iberidade: ensaio verbo do ortograma xeopolítico ibérico*. [Porto]: Patronato do Instituto de Estudios Ibéricos.
- BERNÁRDEZ VILAR, Xoán (2003): *O comezo da nosa Idade Media*. Noia: Toxosoutos.
- CARAMÉS, Xesús (1993): *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*. Vigo: Galaxia.
- CASTELAO, Alfonso Daniel (1980³): *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal.
- DURÁN, José Antonio (1995): “Atlántica memoria”, en *La Voz de Galicia* (16/04/1995). A Coruña.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (1996): *Martiño de Dumio. A creación dun Reino*. Vigo: Edicións do Cumio.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (1998): *O Reino de Galiza*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (1998): *A Galicia irredenta*. Vigo: Xerais.
- _____ (2000): *Un modelo de organización territorial para Galicia*. Madrid: UNED.
- _____ (dir.) (2002): *Galicia e Portugal: A fronteira esvaída*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- LÓPEZ TEIXEIRA, Xosé Antonio (2003): *Arredor da conformación do Reino de Galicia (711-910)*. Noia: Toxosoutos.
- MOLINA, Tirso de (1989³): *Obras Dramáticas Completas* (ed. Blanca de los Ríos), t. III. Madrid: Aguilar.
- NOGUEIRA, Camilo (2001): *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo: Xerais.
- NOVOA PORTELA, Feliciano e FERREIRA FERNANDES, Cristina (2006): “Consolidar la paz, ganar nuevos mundos: el Tratado de Medina del Campo-Almeirim (1431)”, en Martín de Albuquerque, Ignacio Guerreiro, Feliciano Novoa e Elena Postigo (coords.), *Encuentros y desencuentros ibéricos. Tratados hispano-portugueses desde la Edad Media*. Lisboa-Barcelona: Chaves Ferreira Publicações-Lunweg Editores.
- ONEGA, José Ramón (1981): *Los judíos en el Reino de Galicia*. Madrid: Editora Nacional.
- PAZ ANDRADE, Valentín (1978): *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- PENA GRAÑA, André (1995): “O berce dunha institución da Baixa Idade Media”, en VV.AA.: *O nacemento dunha nación. A nosa historia 6*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- PENSADO, José Luís (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- PORTELA, Ermelindo (1991): “Galicia e o nacemento de Portugal”, *A Trabe de Ouro*, vol. 5, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, pp. 81-87.
- RODRÍGUEZ CASAL, Antón A. (1990): *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- ROMERO MASIÁ, Ana María e POSE MESURA, Xosé Manuel (1988): *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Museo Arqueolóxico Provincial.
- VÁZQUEZ VARELA, José Manuel (1980): *Las raíces de Galicia*. Santiago de Compostela: Sálvora.
- VERA-CRUZ PINTO, Eduardo (2006): “Os Tratados inter-hispánicos na formación de Portugal como reino independente”, en Martín de Albuquerque, Ignacio Guerreiro, Feliciano Novoa e Elena Postigo (coords.), *Encuentros y desencuentros ibéricos. Tratados hispano-portugueses desde la Edad Media*, Lisboa-Barcelona: Chaves Ferreira Publicações-Lunweg Editores.